



Escolares do colexio Lestonnac, onte pola mañá durante unha das clases de xadrez

DANI ALEXANDRE

# O pioneiro programa “Xadrez nas Escolas” chega este curso a preto de 2.000 escolares

A actividade, dirixida a alumnos de 5, 6 e 7 anos, desenvólvese en horario lectivo

## REDACCIÓN FERROL

Está comprobado, tal e como se desprende de moitos estudos científicos, que o xadrez é unha excelente ferramenta pedagóxica. Contribúe ao desenvolvemento intelectual así como á formación do carácter e dos valores, de aí os beneficios que a ensinanza e práctica desta disciplina ten, sobre todo, entre os máis pequenos. E a eles vai dirixido, precisamente, o programa “Xadrez nas Escolas” que un ano máis desenvolven, en virtude dun convenio de colaboración, o Concello de Ferrol –a través da área de Educación– e o Círculo Ferrolán de Xadrez.

A concelleira Susana Martínez Galdós e o presidente da entidade deportiva, Juan Rodríguez Rey, asinaron onte un acordo que permitirá a preto de 2.000 escolares –o curso pasado foron un total de 1.835– gozar deste xogo durante o actual curso académico.

A actividade, considerada complementaria –xa que ten lugar en horario lectivo– está dirixida aos alumnos do último

## UNHA INICIATIVA POSTA EN MARCHA CO GOBERNO DO BNG

O programa ferrolán “Xadrez nas Escolas” foi posto en marcha por primeira vez, e de xeito pioneiro no territorio español, durante o goberno do Bloque Nacionalista Galego, encabezado por Xaime Bello. Desde entón, ademais de consolidarse e recibir unha excelente resposta por parte dos centros educativos, moi interesados na proposta, o convenio foise mellorando nos sucesivos gobernos, tal e como onte apuntou o presidente do Círculo Ferrolán de Xadrez, Rodríguez Rey.

curso de Educación Infantil (5 anos) así como aos cursos de 1º e 2º de Primaria (6 e 7 anos).

O compromiso do Concello de Ferrol é, segundo a propia edil, poder ampliar as clases en próximos anos a máis grupos de idade, ante a demanda que existe por parte dos centros educativos. De feito, desde hai dous cursos extendeuse aos de 7 anos.

O goberno municipal incre-

mentou este ano en 3.000 euros a contía do convenio, que suma un total de 33.000.

Todos os colexios da cidade, os dez públicos e os once concertados, solicitaron participar no programa, que arrancou xa no mes de setembro. Tres monitores do Círculo Ferrolán de Xadrez encárganse de impartir as clases, de media hora de duración por grupo.

Tanto Susana Martínez como Juan Rodríguez Rey salientaron o carácter pioneiro dunha iniciativa que ten suscitado o interese en outros lugares do territorio español. Ademais, para o Círculo Ferrolán ten unha importante repercusión, xa que moitos dos rapaces que descubren a disciplina nas aulas acaban por se incorporar a un clube para competir –na actualidade hai en Ferrol un total de 600 licenzas deportivas en xadrez–.

## SATISFACCIÓN

“Estamos moi satisfeitos dos resultados que se están a acadar con este programa”, comentou onte Rodríguez Rey. Na mesma liña se expresou Susana Martínez Galdós, que, ademais de incidir no carácter gratuíto da proposta –“está sufragada ao 100% pola Concellería de Educación”, dixo–, salientou os beneficios que a práctica deste xogo ten para o desenvolvemento persoal e a formación dos rapaces. ■